



BONO SOCIAL ELÉCTRICO

Desde a Concellería de Servizos Sociais do Concello da Estrada infórmase que a partir deste ano 2018 as axudas que se viñan tramitando ao abeiro das Axudas Económicas da Xunta de Galicia para pagar parte da factura a través do Ticket Social Eléctrico e as Axudas Urxentes para evitar os cortes de subministración eléctrica, pasan a ser absorvidas polo coñecido como **BONO SOCIAL e regulado polo Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figua do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os onsumidores domésticos de enerxía eléctrica.**

¿ QUEN SE PODE BENEFICIAR?

As persoas consumidoras, persoas físicas que sexan titulares dun punto de subministro de electricidade na súa vivenda habitual con potencia contratada igual ou inferior a 10kw que cumplan os requisitos establecidos para cada caso no Real Decreto.

* No caso de que un/ha consumidor/a que cumpra os requisitos para percibir o bono social e queira solicitar a súa aplicación e non figure como titular do punto de subministro de electricidade en vigor, poderá solicitar a modificación da titularidade do contrato de subministración eléctrica de forma simultánea á solicitude de bono social.

1.- CONSUMIDOR/A VULNERABLE

Terá esta consideración a persoa titular dun punto de subministro de electricidade na súa vivenda habitual que, sendo persoa física, este acollido ao **precio voluntario para o pequeno consumidor (PVPC)**, e cumpra os seguintes **REQUISITOS**:

a) Que a súa renda ou no caso de formar unha unidade familiar, a renda conxunta anual da súa unidade familiar sexa igual ou inferior a:

- ➔ 1,5 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) de 14 pagas, no caso de que non forme parte dunha unidade familiar ou non haxa ningún menos na unidade familiar.
- ➔ 2 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa un menor na unidade familiar.
- ➔ 2,5 veces o índice IPREM de 14 pagas, no caso de que haxa dous menores na unidade familiar.

Os multiplicadores de renda respecto do índice IPREM de 14 pagas **incrementaranse en 0,5** sempre que conorra algunha das seguintes **circunstancias especiais**:

- Que a persoa consumidora ou algún dos membros da unidade familiara teña discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- Que a persoa consumidora ou algún dos membros da unidade familiara acredite a situación de violencia de xénero, conforme ao establecido na lexislación vixente.

- Que a persoa consumidora ou algún dos membros da unidade familiara teña recoñecida a condición de vítima de terrorismo, conforme ao establecido na lexislación vixente.

b) Estar en posesión do título de familia numerosa.

c) Que a propia persoa consumidora ou no caso de formar parte dunha unidade familiar, todos os membros da mesma que teñan ingresos, sexan pensionistas do Sistema da Seguridade Social por xubilación ou incapacidade permanente, percibindo a contía mínima vixente en cada momento para esta clases de pensións, e non reciban outros ingresos.

2.- CONSUMIDOR/A VULNERABLE SEVERO/A

Cando cumprindo os requisitos anteriores, a persoa consumidora e, no seu caso, a unidade familiar á que pertenza, teña unha renda anual igual ou inferior ao 50% dos umbrais establecidos no apartado a) , incrementados de ser o caso nos supostos sinalados, será considerado/a vulnerable severo/a.

Esta consideración tamén se dará no caso daquelas persoas consumidoras e de ser o caso, das unidades familiares ás que pertenza, que teñan unha renda anual inferior ou igual a unha vez o IPREM a 14 pagas e dúas veces dúas veces o mesmo no caso de que se atopen na situación do apartado b) ou c) respectivamente.

3.- CONSUMIDOR/A EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Denominarase persoa en risco de exclusión social a/ao consumidor/a que reúna os requisitos para ser persoa vulnerable severa, e que sexa atendida polos servizos sociais dunha administración autonómica ou local que financie a lo menos o 50% do importe da súa factura.

BONO SOCIAL DE APLICACIÓN A PERSOA CONSUMIDORA VULNERABLE

O bono social consiste nun **desconto sobre o precio voluntario para o pequeno consumidor (PVPC)**, o prezo resultante dese desconto denomínase TUR.

A TUR de aplicación ás persoas consumidoras vulnerables será o prezo resultante de aplicar un desconto do 25% en tódolos términos que compoñen o PVPC.

No caso das persoas consumidoras vulnerables severas, o desconto será do 40%.

En ámbolos dous casos, o desconto será aplicado tendo en conta o límite de enerxía subministrada previsto para a facturación do término de enerxía do PVPC por período de facturación.

O bono social será aplicado pola comercializadora de referencia na factura da persoa consumidora severa ou vulnerable severa.

¿ CÓMO SE SOLICITA O BONO SOCIAL?

Na orde que regula o bono **establécense os seguintes aspectos:**

- O modelo de solicitude, no que a persoa interesada deberá incluír o listado de membros que conforman a unidade familiar á que pertencen.

- A documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 3 do Real Decreto que, en cada caso, deba acompañar á solicitude.
- Os criterios de cómputo do requisito da renda.
- Os mecanismos cos que se comprobarán os requisitos establecidos no Real Decreto para per persoa consumidora vulnerable e vulnerable severa e percibir o bono social.

Aquelas persoas que sendo consumidoras se queiran acoller ao bono social deberán presentar á comercializadora de referencia a correspondente solicitude axustada ao modelo que se aprobe, xunto coa documentación que, no seu caso, en dito modelo se indique.

As solicitudes poden ser presentadas a través dos **seguintes medios**:

- ✓ Por **teléfono**, a través do número que cada comercializadora facilite na súa páxina web. Este tamén estará dispoñible na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.
- ✓
- ✓ **Nas oficinas da comercializadora** de referencia, cando existan.
- ✓ **Por fax ou a través do enderezo electrónico** que a comercializadora facilite na súa páxina web ou na factura.
- ✓ A través da **páxina web** da comercializadora.

Tanto na páxina web de cada comercializadora como nas oficinas físicas alí onde existan deberán estar dispoñibles os formularios de solicitude.

Na solicitude tanto a persoa titular do punto de subministro de electricidade como as restantes persoas que compoñen a unidade familiar e que sexan maiores de 14 anos e teñan capacidade para obrar, deberán dar o seu consentimento expreso para que a comercializadora de referencia poida recabar en calquera momento información das Administracións correspondentes.

¿CÓMO SE APLICA O BONO SOCIAL?

O bono social será devengado a partir do primeiro día de ciclo de facturación no que teña lugar a recepción da solicitude completa coa documentación acreditativa que, no seu caso, sexa necesaria.

Aplicarase na seguinte factura, sempre que dita factura se emita transcurridos como mínimo 15 días hábiles dende a recepción da solicitude completa da persoa consumidora pola comercializadora de referencia. En caso contrario, a aplicación realizarase dende a factura inmediatamente posterior.

O bono social será aplicado durante un **prazo de 2 anos**, salvo que con anterioridade se produza a perda dalgunha das condicións que dan dereito á súa percepción. Dito prazo de dous anos poderá ser prorrogado nos termos que se establecen no artigo 10 do Real Decreto.

No caso das familias numerosas que sexan perceptoras de bono social, a aplicación do bono extenderase ao período no que se atope vixente o correspondente título de familia numerosa.

¿COMO SE RENOVA O BONO SOCIAL?

Antes da finalización do prazo de 2 anos e en todo caso cunha **antelación mínima de 15 días hábiles** ao de finalización de dito prazo, a persoa consumidora titular do punto de sbministro de electricidade acollido ao bono social poderá solicitar a súa renovación, no caso de que siga reunindo os requisitos que deron lugar á súa concesión.

A renovación será por un prazo de dous anos adicionais.

Quedarán eximidas de solicitar a renovación do bono social as familias numerosas mentres se atope vixente o correspondente título de familia numerosa.

A empresa comercializadora está obrigada a comunicar á persoa consumidora na última factura que emita antes da data de vencemento do bono, que debe proceder á súa renovación e que de non facelo deixará de aplicárselle.